



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Necesidade de que os ingresos de dereito público entren en vigor no ano 2023»
Data	10 de novembro de 2022
Duración	Desde as 12:00 ata as 14:07 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Marisol Morandeira Morandeira
Secretario	Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	NON
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ





Concello de Guitiriz

33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 948/2022. Modificación orzamentaria por crédito extraordinario e suplemento de crédito 4/2022

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausente

<< MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2022. Expte. 948/2022

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en suplemento de crédito por importe de 40.000 € derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria ou a mesma é insuficiente, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar a dita modificación parcial do expediente de crédito extraordinario 1-2022 por importe de 40.000 euros do gastos de Mellora da accesibilidade na rúa Tralouteiro.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 10 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

O Pleno da Corporación, cos votos favorables do PSOE e PP e e coa abstención do grupo BNG, acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a anulación parcial da modificación de crédito por crédito extraordinario 1/2022 polo importe de 40.000 euros, de acordo co detalle que se indica de seguido:

DESCRIPCIÓN DO GASTO	IMPORTE	APLICACION
----------------------	---------	------------





Concello de Guitiriz

MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA RÚA TRALOUTEIRO.	40.000	153 61900
TOTAL	40.000 €	

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en suplemento de crédito 4/2022 polo importe total de 40.000 € de acordo co detalle que se indica de seguido, derivado da anterior anulación conforme ao detalle de aplicacións de gastos que se indican de seguido:

CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
ADEMINISTRACION XERAL DE INFRAESTRUCTURAS. REPARACIÓNS	4.135,46	450.21300 (BOLSA 4-2)
INSTALACIONES DEPORTIVAS. TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS	12.147,70	342 .22799 (BOLSA 3-2)
ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE. SUBMINISTROS DIVERSOS	19.216,84	161 22199 (BOLSA 1-2)
ADMINISTRACION XERAL. SUBMNISTRO DIVERSOS	4.500	920 22199 (BOLSA 9-2)
TOTAL	40.000€	

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

CUARTO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que o expediente refírese a unha modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito por importe de 40.000 € e que foi de remanente de tesourería. O expediente de crédito extraordinario 1/2022 por ese importe queda anulado debido a concesión dunha subvención da FEMP.

Parécenos ben que se invirtan estes 40.000 € en varios conceptos pero deben ter en conta que o concello necesita remanente de tesourería para a súa estabilidade orzamentaria.

O voceiro do BNG di que propoñen a anulación parcial do expediente 1/2022 por un importe de 40.000 € posto que esta actuación vaise executar cunha subvención concedida para a realización de accións destinadas a promoción de estilos de vida





Concello de Guitiriz

saudables a través da creación ou rehabilitación de entornos saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a “Mellora de accesibilidade da rúa Tralouteiro” pero non vemos a relación que pode ter isto cunha rúa que xa esta feita.

Estos 40.000 € que saen do investimento que tiñan previsto para a rúa Tralouteiro vai agora para diversos conceptos que non veñen explicados moi ben na memoria deste expediente: administración xeral de infraestruturas, reparacións 4.135,46 €; instalacións deportivas, traballos realizados por outras empresas de 12.147,70 €; abastecemento de auga potable, subministros diversos 19.216,84 €; administración xeral, subministro diversos 4.500 €.

A Sra. Alcaldesa di que esta modificación non afecta ao remanente de tesourería porque non se amplía o suplemento de crédito o único se se fai é cambiar un dos investimentos. Cando saen as bases das convocatorias facemos un proxecto que se axuste a estas e é o organismo que saca a convocatoria o que decide si o proxecto se axusta ou non as bases para darnos a financiación, neste caso o proxecto encaixaba nunha das liñas de actuación. A financiación inicial eran 47.000 € pero esta subvención non cubre o importe do IVE por iso este importe non se anula porque vai con cargo aos presupostos do concello.

En canto aos diversos conceptos aos cales se destina o que se fixo foi aplicalo a bolsas xenéricas para cubrir posibles gastos futuros ou gastos xa comprometidos.

O voceiro do PP di que saben que non afecta ao remanente de tesourería sinon que era unha partida que xa habia anteriormente pero a Sra. Interventora sempre nos recorda no seu informe o cumprimento da estabilidade orzamentaria.

O voceiro do BNG di que no pleno de marzo cando se aprobou o crédito extraordinario para estes proxectos xa dixemos que antes de arranxar esta rúa hai outras con mais necesidades tanto en Guitiriz como en Parga e seguimos pensando que deberían ter prioridade as estradas que non teñen beirarrúas, por iso non imos votar a favor.

A Sra. Alcaldesa di que se fai a mellora nesta rúa porque consideramos que é necesario posto que cando se fixo non estaba proxectada para soportar tanto trafico porque non era saída nin entrada das parroquias de Mariz, Vilar e Negradas e de conexión coa provincia da Coruña e foi posteriormente cando se construíu a ponte cando empezou a soportar moito trafico.

Mañá mesmo vaise asinar un convenio coa Deputación de Lugo para creación dunha senda peonil na Rúa Manuel María, que da acceso ao instituto e ao centro de saúde, cun investimento de 132.000 €.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e PP e abstención do BNG.

Expediente 986/2021. Aprobación ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.





Concello de Guitiriz

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS AUGA E HIDROCARBUROS DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 986/2021

Recurso Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de A Coruña do Procedemento Ordinario 0015507/2022 interposto por Rede Electrica de España SAU contra ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial de dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos de Guitiriz publicada no BOP de Lugo de data 10/06/2022.

Providencia da alcaldía de data 13/09/2022 incouse o correspondente expediente para a derogación da devandita ordenanza fiscal publicada no BOP de Lugo de data 10/06/2022 e simultaneamente tramitar o expediente para aprobación dunha nova ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial de dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos do Concello de Guitiriz coas modificacións pertinentes.

Proxecto da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial de dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos do Concello de Guitiriz incorporada ao expediente.

Visto o trámite de consulta previa do proxecto da ordenanza na páxina web e na sede electrónica, co correspondente anuncio e borrador do proxecto da ordenanza para que durante un prazo de 15 días naturais, para que calquera interesado poida consultalo e presentar suxestións ou opinións ao respecto, entre outras, sobre os problemas que o regulamento trata de solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, ou no seu caso, as posibles solucións alternativas. Visto que non se presentou ningunha alegación ou suxestión durante o período da consulta previa do borrador ordenanza.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 24/10/2022.

Visto o informe de intervención municipal de data 27/10/2022

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus asistentes acordou:

- 1- Derrogar a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial de dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos de Guitiriz publicada no BOP de Lugo de data 10/06/2022.
- 2.- Aprobar a ordenación e imposición da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos do Concello de Guitiriz e os elementos tributarios condicionantes da cota tributaria.
- 3- Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial de dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos do Concello de Guitiriz que consta incorporada ao expediente.



Cod. Validación: HJNFNZGJTT6SEN6QAZRP4PATz | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 25



Concello de Guitiriz

4- Expoñer no taboleiro de anuncios da corporación, por prazo de trinta días, e publicar no BOP este acordo para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

5- Dar conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presenten. As reclamacións presentadas resolveranse por este órgano con carácter definitivo. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional elevarase automaticamente a definitivo.

6- O acordo definitivo ou no seu caso o provisional elevado automaticamente a definitivo, así como o texto íntegro da Ordenanza ou da súa modificación publicaranse no BOP, conforme ao artigo 17 do TRLRFL e 70.2 de la LRBRL.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta expón que esta ordenanza xa veu recentemente a un Pleno pero tiña un defecto de forma, faltaba aprobar o acordo de imposición, e como houbo unha empresa que presentou unha demanda decidimos derrogala e iniciar de novo o procedemento.

O voceiro do PP di que dende o Partido Popular de Guitiriz estamos de acordo con esta aprobación e continuar así coa tramitación do expediente.

O voceiro do BNG di que o 4/11/2021 iniciase o correspondente expediente de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio publico local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos deste concello para dar cumprimento ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para o financiamento e contratación conxunta do servizo. Un ano despois parece que se van solucionar os problemas burocráticos e algún atranco como foi o recurso contencioso administrativo interposto por Red Eléctrica de España SAU contra esta ordenanza.

Vai ser algo bo para o concello que paguen todas estas empresas ou multinacionais que levan tempo abusando de nós polo que agardamos que entre en vigor esta ordenanza que xa se publicara no BOP de 10/06/2022.

A Sra. Alcadesa di que na ordenanza non se modifica nada, como xa dixen faltaba aprobar o acordo de imposición simultaneamente coa ordenanza e como o período de devengo é o un de xaneiro era necesario traela hoxe a este pleno para que unha vez cumpridos os tramites oportunos poda entrar en vigor o ano que vén e así poder cobrar a taxa as empresas.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos asistentes.

Expediente 307/2020. Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO).

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento





Concello de Guitiriz

<< Expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO). Expte. 307/2020

Vista a providencia de alcaldía de data 19/10/2020 de incoación de expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO) publicada no BOP de Lugo nº 122 de 1 de xuño de 2021.

Visto o informe de secretaría 2022-0209, de data 24/10/2022.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais e Informe de intervención 2022.-0291 de 25/10/2022.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asitentes, adoptou o seguinte acordo ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO), que queda redactado no seu artigo 6 da seguinte forma:

“ ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO).

ARTIGO 6. BONIFICACIÓN POTESTATIVAS.

De conformidade co establecido no artigo 103 da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións na cota do Imposto, cando se cumpran os seguintes requisitos:

A) RAZÓN DE INTERÉS ESPECIAL OU UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL SUSTANCIAIS.

A1.- CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS.

Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins, cando concorran as circunstancias seguintes:

- o Inscripción da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras ou comunicación previa de inicio de obras.
- o Que o solicitante beneficiario sexa traballador autónomo, Cooperativa ou SAT formadas exclusivamente por persoas físicas.





Concello de Guitiriz

En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

A bonificación será do 50% da cota do imposto.

A2.- CIRCUNSTANCIAS CULTURAIS E HISTÓRICO-ARTÍSTICAS

Obras de rehabilitación de edificios ou elementos protexidos polo Plan Xeral de Ordenación do Concello de Guitiriz.

Obras, construcións u instalacións realizadas dentro do ámbito da área de rehabilitación integral do Concello de Guitiriz polas obras que son obxecto de subvención dentro do programa do ARI.

A bonificación será do 75% da cota do imposto.

A3.- CIRCUNSTANCIAS DE FOMENTO DO EMPREGO

Construcións, instalacións ou obras realizadas en locais ou parcelas nas que se estableza a actividade xeradora dos postos de traballo e da cal o suxeito pasivo sexa titular, cando concorran as seguintes circunstancias:

1. *Se a construción, instalación ou obra se leva a efecto ampliando as instalacións, locais ou fábricas existentes, o outorgamento da bonificación estará condicionado ao aumento do cadro de persoal en relación co existente na porcentaxe que se indica a continuación, e coa bonificación que se sinala:*
 - a. *Aumento do cadro de persoal, en relación co existente no ano anterior á data de solicitude, entre un 10% e un 20% de traballadores indefinidos: a bonificación será do 30% da cota do imposto.*
 - b. *Aumento do cadro de persoal, en relación co existente no ano anterior á data de solicitude, nunha porcentaxe por encima do 20% e ata o 30% de traballadores indefinidos: a bonificación será do 40% da cota do imposto.*
 - c. *Aumento do cadro de persoal, en relación co existente no ano anterior á data de solicitude, nunha porcentaxe por encima do 30% de traballadores indefinidos: a bonificación será do 50% da cota do imposto.*
2. *Se a construción, instalación ou obra é de nova planta, o outorgamento da bonificación estará condicionado á contratación dun número de traballadores con contrato indefinido que se sinala a continuación, con expresión da bonificación, en cada caso:*
 - a. *Contratación dun número de traballadores indefinidos, entre 3 e 10: bonificación dun 40% na cota do imposto.*
 - b. *Contratación dun número de traballadores indefinidos,*





Concello de Guitiriz

- entre 10 e 25: bonificación dun 50% na cota do imposto.
- c. Contratación dun número de traballadores indefinidos, entre 25 e 40: bonificación dun 60% na cota do imposto.
 - d. Contratación dun número de traballadores indefinidos, superior a 40: bonificación dun 75% na cota do imposto.

A4.- CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS, CULTURAI, HISTÓRICO ARTÍSTICAS OU DE FOMENTO DO EMPREGO, DE SUPOSTOS SOLICITADOS E PROMOVIDOS POR ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS (AAPP).

Construcións, instalacións ou obras destinadas a servizos ou actividades públicas, contratadas por Administracións ou entes do Sector Público. A bonificación será de ata o 50% da cota do imposto.

Para decidir a porcentaxe concreta, o Pleno valorará as consideracións de todo tipo que presente a Administración ou Ente Público solicitante, no marco do artigo 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, no que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e o disposto no presente artigo.

Neste sentido, e sendo de exclusiva aplicación para este apartado, so poderá solicitarse, e en calquera momento, a bonificación por suxeito pasivo contribuínte, e nunca polo substituto do contribuínte. Estas singularidades en orde á bonificación deste apartado A4, non alterna os demais aspectos formais e materiais da posición e obrigas do substituto do contribuínte.

B) OUTRAS BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS.

1. Unha bonificación do 50% da cota, a favor das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial, ó amparo do previsto no artigo 103.2.d) da Lei de Facendas Locais, cando se acredite, mediante a correspondente cualificación outorgada polo Órgano competente da Xunta, que o destino do inmovible sexa a construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública.

A bonificación só alcanzará a parte da cota correspondente a vivendas protexidas cando se trate de promocións mixtas nas que se inclúan vivendas protexidas e vivendas de renda libre.

2. Unha bonificación do 90% da cota, o amparo do previsto no artigo 103.2 da Lei de Facendas Locais, cando se trate de obras para a eliminación de barreiras arquitectónicas ou adaptación de vivendas ás necesidades derivadas da situación das persoas discapacitadas que as habitan.

C) ASPECTOS FORMAIS XENÉRICOS.

1. A petición da declaración da construción, instalación ou obra como de especial interese ou utilidade pública municipal, poderá instarse dende a petición da licenza ou a presentación da declaración responsable ou comunicación de inicio ata o momento do outorgamento da licenza de primeira utilización.
2. Corresponde dita declaración de interese especial ou de utilidade pública





Concello de Guitiriz

municipal ao Pleno Municipal co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3. Esta bonificación aplicarase exclusivamente sobre a parte do orzamento das obras que corresponda ás obras ou instalacións que se realicen con esta finalidade, e que sexan obxecto de proxecto de reforma nos que non sexan esixibles ou regulamentariamente.

Se a bonificación fora concedida a Administración municipal practicará a liquidación correspondente que a notificará o interesado.

A presentación da solicitude de bonificación fora do prazo sinalado non suspenderá os actos de xestión liquidatoria e de recadación. Non obstante, o suxeito pasivo poderá solicitar a devolución do exceso ingresado se posteriormente fora recoñecida a bonificación.

Estas bonificacións serán compatibles entre si, sen poder superar en ningún caso o importe da cota tributaria.

As solicitudes de bonificacións serán dirixidas á Alcaldía do Concello de Guitiriz quen requirirá os informes que poidan ser precisos, incluíndo o Informe de Intervención sobre a repercusión da bonificación de acordo coa Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.”

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo inicial durante un prazo de 30 días no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza considerárase definitivamente aprobada.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta expón que esta modificación faise para consolidar as bonificacións do 50% por circunstancias sociais que xa se están aplicando a todas as explotacións agrícolas, gandeiras etc, cando queren facer algún tipo e mellora nas explotacións e para incluír as obras, construcións e instalacións realizadas dentro do ámbito da área de rehabilitación integral do concello de Guitiriz polas obras que son obxecto de subvención dentro do programa ARI por circunstancias culturais e histórico-artísticas.

O voceiro do PP di que esta ordenanza fiscal reguladora da taxa polo imposto sobre construcións, instalacións e obras no seu artigo 6 “bonificacións potestativas” quedaría por circunstancias sociais unha bonificación de 50%; por circunstancias culturais e histórico-artísticas unha bonificación do 75% ; por circunstancias do fomento de emprego a bonificación estará condicionado ao aumento do cadro de persoal e por circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego de supostos solicitados e promovidos por administracións publicas a bonificación será do 50% da cota do imposto.

Esta modificación tamén inclúe as bonificacións da cota do imposto para obras, construcións e instalacións dentro do programa ARI.

O voceiro do BNG di que os informes que constan no expediente son favorables a estas modificacións, tanto no apartado de circunstancias sociais que elimina a frase “a





Concello de Guitiriz

bonificación poderá ser motivada ata o 90% da cota do imposto en función da importancia económica e social de cada caso en concreto, e da capacidade económica do concello en orde o seu equilibrio orzamentario” como no apartado de circunstancias culturais e histórico-artísticas que se engade a bonificación para para obras, construcións e instalacións dentro do programa ARI.

Sometido o asunto a votacion é aprobado por unanimidade dos asistentes.

Expediente 1109/2020. Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do Punto de Atención á Infancia (PAI)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do Punto de Atención á Infancia (PAI). Expte: 1109/2020.

Vista a providencia de alcaldía de data 28/09/2022 de incoación de expediente de modificación do artigo 6 e 7 (cotas e beneficios fiscais) da ordenanza reguladora da taxa do Punto de Atención a Infancia publicada no BOP de Lugo nº 164 de data 19/07/2005 para adaptala a Decreto 91/214, do 14 de xullo, polo que se modifica o Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado para adaptalo a normativa autonómica.

Vistos o informes de secretaría e de intervención de datas 27/10/2022.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus asistentes acordou:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora da taxa do Punto de Atención á Infancia (PAI) que queda redactado da seguinte forma:

“Artigo 6: *Taxas:*

Prezo da atención educativa: 169.26 €

Aplicación dos prezos públicos en función dos tramos da renda a efectos múltiples (IPREM):





Concello de Guitiriz

1. *Rendas inferiores ao 30 € IPREM: 0.00 €*
2. *Rendas entre o 30 % e o 50% IPREM: 0.00 €*
3. *Rendas entre o 50 % e o 75% IPREM: 34.91 €*
4. *Rendas entre o 75% e o 100% IPREM: 69.81€*
5. *Rendas entre o 100% e o 125% IPREM: 112.13 €*
6. *Rendas entre o 125% e o 150% IPREM: 133.29 €*
7. *Rendas entre o 150% e o 200% IPREM: 147.05 €*
8. *Rendas superiores ao 200% IPREM: 169.26 €”*

O artigo 7 quedaría do seguinte xeito:

“Artigo 7: Bonificacións e exencións:

1. *Familias numerosas: 20% desconto*
2. *Familias monoparentais/monomarentais: 20% desconto*
3. *Cando asistan varios irmáns, o segundo e sucesivos: 20%*
4. *Quedan exentos de pago as familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda”*

Segundo. Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza se considerará definitivamente aprobada.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa expón que esta modificación vén imposta polo tema da gratuidade nas escolas infantís de 0 a 3 anos, gratuidade que non vai ser financiada solo pola Xunta sinon en parte con cargo aos orzamentos do concello.

O voceiro do PP di que a necesidade de modificar a ordenanza da taxa fiscal reguladora do Punto de Atención a Infancia vén dada para adaptala a Orde de 22 de xullo de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención a infancia de titularidade municipal para o curso 2022/23 e a nós parécenos ben.

O voceiro do BNG di que hai que adaptar esta ordenanza as esixencias da Xunta para poder acceder as bonificacións fiscais, neste caso a gratuidade do PAI.

A Sra. Alcaldesa di que o que quere deixar claro é que cando a Xunta fala da gratuidade das escolas infantís non é verdade porque nas escolas municipais os concellos tamén van aportar porque a financiación por parte da Xunta é maior para as escolas privadas que para as publicas.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos asistentes.

Expediente 1000/2021. Modificación da base nº 38 das bases de Execución do orzamento xeral do concello para o ano 2022





Concello de Guitiriz

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

<< Expediente de modificación da base nº 38 das bases de Execución do orzamento xeral do concello para o ano 2022. Expte. 1000/2021

Dona Marisol Morandeira Morandeira, Alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia de inicio de 25/10/2022 para incoar o correspondente expediente para a aprobación da modificación das bases de execución do orzamento municipal para o ano 2022

Vista a renuncia presentada por a Asociación de Hostalería de Guitiriz con CIF G 27462787 representada pro Dositeo Santos Pérez con NIF 33321180 E de renuncia a realización do convenio de colaboración relativo a subvención nominativa para os gastos de publicidade da organización do concurso de tapas por importe de 1.500 euros.

Vista a renuncia presentada por a Asociación de amas de Casa e Consumidores Bruma Lagostelle con CIF G 27263474 representada por María Luisa ramos Louzao NIF 79334607 V de renuncia a realización do convenio de colaboración relativo a subvención nominativa para os gastos de publicidade da organización do concurso de tapas por importe de 700 euros.

Vista a renuncia presentada por a Asociación Ecuestre de Guitiriz con CIF G 27433317 representada pro Javier Rodríguez Santamariña con NIF 3355195 F de renuncia a realización do convenio de colaboración relativo a subvención nominativa para os gastos de publicidade da organización do concurso de tapas por importe de 900 euros.

Visto o informe de intervención 27/10/2022.

Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.e) da Lei 7/85 de 2 de Abril, artigo 168.4 TRLRHL e artigo 50.11 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expediente do orzamento xeral ordinario para este exercicio.

O Pleno da Corporación, cos votos favorables do PSOE e PP e e coa abstención do grupo BNG, acordou o seguinte:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación da base de execución nº 38 no apartado 13 do orzamento xeral para o ano 2022, que queda redactado có seguinte tenor literal:

“De conformidade co esixido polo artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, enuméranse de seguido as entidades en relación coas cales se prevé a concesión de subvención nominativa:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE
------------	--------------	----------------------	---------





Concello de Guitiriz

			(€)
326.48100	Asociación Educando en Familia (G27437581)	Programa de Intervención Educativa Familiar (0 a 6 anos).	6.100,00
326.48100	ANPA Lagostelle (G27133040)	Gastos correntes para organización de actividades	600,00
326.48100	ANPA Santo Estevo de Parga (G27201037)	Gastos correntes para organización de actividades	600,00
340.48900	Sociedade Deportiva Guitiriz (G27151505)	Gastos correntes para organización de actividades deportivas	2.500,00

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	OBJECTO E FINALIDADE	IMPORTE (€)
334.48902	Asociación Cultural Xermolos (G27014885)	Gastos correntes para organización de actividades	6.000,00
334.48902	Asociación Cultural Os Villares (G27118355)	Gastos correntes para organización de actividades	1000,00
334.48902	Asociación As Calzadas do Buriz. (G27328319)	Gastos correntes para organización da "Romería de San Nicolás" .	900,00
334.48902	Asociación Cultural Ecuestre Cabaleiros do Buriz (G27505973)	Gastos correntes de organización da "Festa de recuperación do Samain".	400,00
334.48902	Asociación de músicos da Banda Municipal de Guitiriz (MUBAGUI) (G27441773)	Gastos ordinarios e de actividades para actuacións musicais	1.200,00
334.48902	Asociación de Amas de Casa y Consumidores BRUMA Lagostelle. (G27263474)	Gastos correntes para organización de actividades	700,00
334.48902	Asociación Cultural Feira dos Callos de Parga (G27294636)	Gastos correntes para organización do Festival Rock	1.500,00
340.48900	Clube Ciclista BTTEIROS Cova da Serpe. (G27463306)	Gastos correntes para organización de actividades deportivas	900,00
340.48900	Club Tiro con Arco de Guitiriz	Gastos correntes para organización de actividades deportivas	600,00
340.48900	Asociación Deportiva e Cultural San Xoán de Guitiriz	Gastos correntes para organización de actividades deportivas	1.500,00
334.48902	Cáritas Parroquial San Juan de Lagostelle de Guitiriz	Gastos correntes para organización de actividades	1.200,00
334.48902	Asociación O Txoko de Parga	Gastos correntes para organización de actividades	600,00

Segundo. Expoñer ao público a modificación das bases de execución do orzamento, polo prazo de quince días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos no concello, aos efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

Terceiro. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que vistas as renuncias as subvencións nominativas presentadas por varias asociacións deste concello por importe total de 3.100 € e visto o informe de intervención de data 27/10/2022 pasarían aumentar o importe das subvencións as seguintes asociacións: Educando en Familia, Sociedade Deportiva Guitiriz e Asociación Deportiva e Cultural San Xoan de Guitiriz polo que estamos de acordo que estes cartos se destinen a estas asociacións.

O voceiro do BNG di que é necesario modificar as bases de execución do orzamento no seu punto 13 porque tres asociacións do concello que ian recibir unha subvención renuncian as mesmas: Asociación de Hostaleiros de Guitiriz, Asociación de Amas de Casa e Consumidores Bruma e a Asociación Ecuestre de Guitiriz polo que esta cantidade vaise repartir entre outras tres, aumentando así o importe da subvención a





Concello de Guitiriz

Asociación Educando en Familia que pasa a recibir 6.100 €, a Sociedade Deportiva Guitiriz vai recibir 2.500€ e Asociación Deportiva e Cultural San Xoán de Guitiriz recibe 1.500 € aínda que non altera o importe total do orzamento imos a abstermos porque un ano mais non contan coa opinión do BNG.

A Sra. Alcaldesa di que estes cartos que figuran nas bases de execución dos orzamentos van destinados a subvencións nominativas e non se poden destinar a outras cousas e debido a que a Asociación de Hostaleiros de Guitiriz, Asociación de Amas de Casa e Consumidores Bruma e a Asociación Ecuestre de Guitiriz non puideron levar a cabo as actividades que tiñan previstas consideramos oportuno incrementar o importe da subvención na Asociación Educando en Familia posto que este ano as familias que se benefician deste proxecto, fundamentalmente familias do rural, demandáronnos que se seguira facendo esta actividade na escola de Buriz e a Asociación manifestou a súa disposición para o desenvolvemento deste proxecto en Guitiriz, Parga e Buriz que é onde había familias e as outras dúas asociacións deportivas tamén nos comentaron os gastos extraordinarios que tiñan este ano, por un lado a renovación das equipacións e por outro o ascenso a terceira división vailles supoñer mais gastos.

Por todo o cal consideramos que esos cartos que non se ian dar as asociacións que renunciaron ian ben invertidos nestas tres que aumentaban o seu gasto.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e PP e coa abstención do BNG.

Expediente 941/2022. Aprobación do Acordo regulador do prezo público pola utilización da pista de padel.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 1, Ausentes: 0

<< Aprobación do Acordo regulador do prezo público pola utilización da pista de padel. Expte. 941/2022

Vista a providencia de alcaldía de data 25/10/2022 de incoación de expediente de aprobación do prezo público pola utilización da pista de padel.

Visto a memoria económica para a determinación do prezo público.

Visto o informe de intervención de 27/10/2022.

Considerando o disposto nos artigos 41 a 47 e 127 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo e os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, de 13 de abril de Taxas e prezos públicos.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.





Concello de Guitiriz

O Pleno da Corporación, cos votos favorables do PSOE, os votos en contra do PP e e coa abstención do grupo BNG, acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o Acordo regulador do prezo público pola utilización da pista de padel co seguinte tenor literal:

“TITULO PRELIMILAR.

Artigo 1. Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público para a utilización das instalacións da pista de padel.

Artigo 2. Obrigados ao pago.

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta normativa quen se beneficie dos servizos prestados por este Concello, a que se refire o artigo anterior, utilizando a pista de pádel municipal.

Artigo 3. Contía e modificación.

4.1 A contía do servizo de utilización da pista de padel municipal será de 3 euros/usuario polos usos durante a semana e de 5 euros /usuario polos usos durante o fin de semana e festivos.

4.2 A competencia para a modificación da contía do prezo público ao que se refire a presente ordenanza encoméndase á Xunta de Goberno Local, de conformidade coa facultade regulada no artigo 47.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

A modificación realizarase a proposta da alcaldía, debendo constar, como mínimo:

- Unha memoria económico financeira da que se deduza que o importe do prezo público cubre, como mínimo, o custe do servizo ou, de ser o caso, a porcentaxe do mesmo que será asumido con cargo aos orzamentos municipais.

- O importe da tarifa modificada.

- A xustificación razoada das razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que, de ser o caso, aconsellen a fixación dos prezos públicos por debaixo do custe do servizo.

Artigo 4. Pagamento.

A obriga de pago do prezo público regulado neste acordo nace dende que se solicita a prestación do servizo a través da plataforma habilitada, para tal efecto, polo concello, polo tanto desde que se reserva a utilización da pista. Pódese anular a reserva a prestación do servizo con 24 horas de antelación.

Artigo 5. Xestión e pago.

As cotas pola prestación do servizo de utilización da pista de pádel será o importe establecido por cada uso e por usuario do servizo.





Concello de Guitiriz

A reserva da pista realizarse a traves da plataforma habilitada a tal efecto.

- a. A reserva e abono do prezo público de aluguer da pista de pádel se efectuará na plataforma descrita nos horarios de apertura da instalación e con carácter previo a acceder a mesma, aboando a cantidade correspondente.
- b. A reserva de pista será por hora e media.
- c. As anulacións de reserva anteriores as 24 horas poderán ser realizadas polos propios usuarios a través da plataforma, sendo os importes reintegrados automaticamente no seu bono-monederu.
- d. Se por causas imputables ao concello, tivera que cancelarse unha reserva, os afectados terán dereito a recuperar as prezo público aboadas no seu abono-monederu.

O Concello de Guitiriz por si ou a través de entidades con que conveñan poderán desenrolar actividades deportivas tales como torneos, competicións,.. quedando anulado ou modificado o sistema de reservas ata a conclusión de ditas actividades.

O concello poderá organizar cursos de pádel, nese caso, durante o horario en que se desenrolen os cursos, a pista queda reservada para tal fin.

Disposicións finais.

Primeira. Para o non previsto no presente acordo regulador estarase ao disposto no Real decreto 2/2004,, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Segunda. O presente acordo entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir da súa publicación no Boletín oficial da Provincia e continuará vixente ata tanto se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficia da Provincia o acordo íntegro do prezo público pola utilización da pista de padel.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcadesa o voceiro do PP di que eles non estan de acordo con que se cobre pola súa utilización posto que o concello tiña uns servizos adaptados as necesidades do mesmo, garaxe para os vehículos, recinto de almacenamento, lavado de vehículos, vestiarios para o persoal asi como todos os locais da escola de música convertido todo isto en algo nefasto para as persoas que alí acoden

Consideramos que a pista de padel era unha actividade moi demandada pero non se debe cobrar por algo que carece de servizos mínimos, duchas, baños e por outro lado non especifica si os menores terán que asumir estes prezos ou estarán exentos, por poñer un exemplo unha familia de catro membros terán que pagar 20 € por unha hora e media o fin de semana e 12€ pola semana, parécenos un prezo excesivo.

O voceiro do BNG di que o concello ten que promover todos os deportes gratuítos, incluído por suposto a pista de padel.

Calquera persoa pódese preguntar porque se cobra por utilizar estas instalacións



Cod. Validación: HJNFNZGJTT6SENGAZRP4PATZ | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 25



Concello de Guitiriz

municipais e non se cobra por utilizar outras, por exemplo polo Campo de fútbol "Suso Cruz" que é do concello estase pagando 1.200 € ao mes a unha empresa polo seu mantemento e estano a usar o equipo de fútbol de veteranos e non se lles cobra, o pavillón de deportes usase para moitas actividades e tampouco se cobra.

Propoñen un prezo de 3 euros por usar a pista de padel durante noventa minutos si é pola semana e 5 euros si é festivo ou fin de semana polo que non vemos moita coherencia a hora de usar as distintas instalacións municipais.

Nós non queremos que se cobre por usar os campos de fútbol nin o pavillón pero tampouco pola pista de padel.

A Sra. Alcaldesa di que a idea do equipo de goberno sempre foi cobrar polo uso da pista de padel porque cremos que non cobrar implicaría que moitos dos habitantes dos concellos lindeiros virían a xogar aquí limitando así o uso para a xente do concello.

Intervén a interventora para explicar que tanto no caso das taxas como nos prezos públicos, caso este da pista de padel, o que di o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais é que hai que cubrir o custe do servizo, e este é exactamente o mesmo tanto si é unha persoa empadroadada como si non é, pasa o mesmo tanto si é unha persoa maior como menor, e dicir, o establecemento do prezo público ten que ser en función do custe do servizo.

No caso concreto dos prezos públicos a Lei de Facendas Locais di que o prezo publico debe de cubrir como mínimo o custe do servizo pero tamén di que soamente se pode establecer bonificacións que sexan declaradas de utilidade publica baseadas en cuestións de interese social debido a circunstancias sociais ou económicas que así o determinen.

En virtude de isto hai moitas sentenzas que no referente a empadroados e non empadroados o Tribunal Supremo determina que non se pode diferenciar.

O voceiro do PP di que eles van votar en contra pola mala xestión que se fixo en relación coa instalación e ubicación desta pista de padel.

O voceiro do BNG di que aínda non me contestou porque se cobra aquí e noutras actividades non.

Nós xa dixemos que non nos parecía axeitado a ubicación da pista de padel e que era necesario un complexo deportivo.

En definitiva o BNG quere promover os deportes gratuítos no concello.

A Sra. Alcaldesa reiterase no dito anteriormente.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra do PP e abstencion do BNG.

Expediente 884/2022. Aprobación do Acordo regulador do prezo público por subministro de enerxía eléctrica en puntos de recarga municipal.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento





Concello de Guitiriz

<< Aprobación do Acordo regulador do prezo público por subministro de enerxía eléctrica en puntos de recarga municipal. Expte. 884/2022

Vista a providencia de alcaldía de data 07/10/2022 de incoación de expediente de aprobación do prezo público por subministro de enerxía eléctrica en puntos de recarga municipal.

Visto a memoria económica para a determinación do prezo público.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais e Informe de intervención 2022-292 de 25/10/2022

Considerando o disposto nos artigos 41 a 47 e 127 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo e os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, de 13 de abril de Taxas e prezos públicos.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus asistentes acordou:

PRIMEIRO.- Aprobar o Acordo regulador do prezo público por subministro de enerxía eléctrica en puntos de recarga municipal co seguinte tenor literal:

“ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POR SUBMNISTRO DE RECARGA ELECTRICA EN PUNTOS DE RECARGA MUNICIPAL.

Artigo 1. Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público para o servizo de recarga de vehículos eléctricos prestado desde os diferentes puntos de recarga situados en vía pública e dos que é titular o Guitiriz.

Artigo 2. Obrigados ao pago.

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta normativa quen se beneficie dos servizos prestados por este Concello, a que se refire o artigo anterior, utilizando os citados puntos de recarga para o seu uso propio.

Artigo 3. Contía e modificación.

3.1 A contía do servizo de recarga de vehículos eléctricos fíxase en base ao prezo unitario da enerxía eléctrica realmente transvasada desde o punto de recarga ao vehículo eléctrico ao que se lle presta o servizo.

– Servizo de Recarga 0,25 €/kW·h

3.2 A competencia para a modificación da contía do prezo público ao que se refire a presente ordenanza encoméndase á Xunta de Goberno Local, de conformidade coa



Cod. Validación: HJNFNZGJTT6SEN6QAZRP4PATZ | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 25



Concello de Guitiriz

facultade regulada no artigo 47.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

A modificación realizarase a proposta da alcaldía, debendo constar, como mínimo:

- Unha memoria económico financeira da que se deduza que o importe do prezo público cubre, como mínimo, o custe do servizo ou, de ser o caso, a porcentaxe do mesmo que será asumido con cargo aos orzamentos municipais.
- O importe da tarifa modificada.
- A xustificación razoada das razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que, de ser o caso, aconsellen a fixación dos prezos públicos por debaixo do custe do servizo.

Artigo 4. Pagamento.

A obriga de pago do prezo público regulado neste acordo nace dende que se inicie a prestación do servizo de recarga de vehículos eléctricos, é dicir, co transvasamento de enerxía do punto de recarga ao vehículo correspondente ao que lle presta o servizo.

Artigo 5. Xestión e pago.

As cotas pola prestación do servizo de recarga serán as resultantes do produto do prezo público establecido no artigo 3 pola enerxía eléctrica realmente transvasada, e medida en kW·h a través do contador eléctrico no punto de recarga.

Os interesados en recargar o seu vehículo eléctrico nos puntos de recarga municipais deberán acceder ao subministro a través das plataformas habilitadas, identificándose e utilizando a pasarela de pago que se habilite ao efecto.

Unha vez acabada a carga, é obrigatorio retirar o vehículo, permitindo a carga doutro vehículo e no seu caso de non facelo, poderase multar pola autoridade competente, dado que a reserva de aparcamento é soamente para vehículos en proceso de carga ou que non excederan o tempo máximo marcado.

Disposicións finais.

Primeira. Para o non previsto no presente acordo regulador estarase ao disposto no Real decreto 2/2004,, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Segunda. O presente acordo entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir da súa publicación no Boletín oficial da Provincia e continuará vixente ata tanto se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo íntegro do prezo público por subministro de enerxía eléctrica en puntos de recarga municipal.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que estes puntos de recarga son necesarios nos concellos que queiran prestar este servizo e o prezo que se aplica de 0,25 € kw/h parécenos que esta dentro dos baremos dos concellos colindantes polo que estamos de acordo.





Concello de Guitiriz

O voceiro do BNG di que están de acordo que se cobre por este servizo e o prezo que se aplica parécenos que esta dentro do normal.

A Sra. Alcaldesa di que a eles tamén lles parece ben cobrar polos puntos de recarga como se fai en todas partes polo que non vamos ter aquí un punto de recarga gratuíto para que logo veña aquí todo o mundo a recargar.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos asistentes.

Antes de entrar a debater o seguinte asunto da orde do día o Secretario Municipal explica a posibilidade legal de incluír unha moción na orde do día dun pleno extraordinario, baseándose en que a mesma esta amparada na manifestación dun dereito fundamental recollido no artigo 23.1 da Constitución, no senso de representación dos cidadáns a través dos concelleiros/as nos asuntos públicos, que se exerce principalmente a través do debate e adopción de acordos, polo que no caso de que o conxunto dos corporativos estén de acordo en incluír mocions nunha sesión plenaria, ningunha obxección legal se pode realizar a esta actuación.

A maiores, o artigo 51 do Regulamento Orgánico establece “*serán nulos os acordos adoptados nunha sesión extraordinaria sobre asuntos non comprendidos na súa convocatoria así como os que se adoptan en sesións ordinarias sobre materias non incluídas na respectiva orde do día, salvo especial e previa declaración de urxencia feita polos órgano correspondente co voto favorable coa maioría do número de membros*”, e dicir, o propio Regulamento Orgánico si estaría habilitando a presentar mocions nun pleno extraordinario.

Expediente 949/2022. Moción PSOE para acabar cos recortes no Servizo de Transporte Escolar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Sra. Alcaldesa da lectura a moción:

<< MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), SOLICITANDO Á CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE QUE ACABE CÓS RECORTES NO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR PARA OS NÓSOS NENOS E NENAS NA ETAPA DA EDUCACIÓN OBRIGATORIA, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE GUITIRIZ

Exposición de motivos:

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é a Administración encargada de xestionar na actualidade o que se chama “Transporte Integrado”, unha figura creada pola Xunta de Galicia que aglutina o Transporte Escolar na etapa obrigatoria e que da tamen un Servizo Público.

Respondendo non se sabe moi ben a que intereses, decidiron cambiar a xestión do





Concello de Guitiriz

transporte Escolar que estaba dentro das Competencias da Consellería de Educación.

Xa dende o curso pasado O Transporte Integrado foi unha fonte de problemas para a Comunidade Escolar, é dicir familias, alumnos e profesores.

Este comezo de curso está a ocorrer de novo, no noso Concello estanse a producir numerosas incidencias.

Cando os alumnos finalizan os estudos de primaria e comezan a cursar ós estudos de secundaria, non hai que olvidar que son estudos que forman parte da educación obrigatoria, sin ningún tipo de explicación nin razón obxectiva as paradas que eran válidas ata ese momento deixan de selo, e a Consellería que é a encargada de autorizalas, non sigue criterios obxectivos á hora de autorizar ou non as mencionadas paradas.

No noso Concello, este Curso víronse afectadas por esta problemática familias que residen nos Vilares, nas Negradas, na Santa Mariña, en Santa Cruz

A todas estas familias con nenos en idade escolar se lles está negando o dereito á que os seus fillos poidan esperar o bus na mesma parada escolar na que o viñan facendo ata o pasado mes de xuño cando finalizou o curso escolar. Moitas destas paradas levan existindo máis de 20 anos, en algunha delas dáse a circunstancia de que os pais na súa etapa escolar puideron facer uso dela, pero agora ós seus fillos non lles está permitido. Unha gran maioría están dotadas coa correspondente marquesina, pero a pesar diso a Consellería non ten en conta as peticións nin as alegacións das familias e fai que os nenos se teñan que desprazar en algúns casos máis de un kilómetro para poder acceder ó seu transporte.

Estamos a falar de nenos e nenas de 12 anos, en todos os casos menores de 16. Así é como a Xunta pon en valor o rural, e axuda á conciliación da vida familiar e laboral. Porque o transporte tanto público, como escolar nunha cidade pode facer tantas paradas como se consideren necesarias, independentemente da distancia entre elas, pero no noso Concello, non lles permiten ós buses parar a menos de 2 Km. de distancia entre paradas aínda que estas estén nas mesmas estradas e os buses non teñan que facer ningún tipo de desvío nin desprazamento para poder acceder a elas.

Porque unha mesma familia con nenos escolarizados en primaria e en secundaria, teñen paradas distintas para chegar os Centros educativos que se encontrar situados na mesma parroquia.

Porque en xuño un neno ten adxudicada unha parada e en setembro cando comeza de novo o curso esa parada xa non é válida. Con esta xestión da Xunta, do Transporte Escolar o único que está a facer é deteriorar a calidade do Transporte Escolar, crear monopolios dentro do sector do Transporte e acabar coas pequenas empresas de transporte que tiñamos nos Concellos rurais e que además de facer as rutas de Transporte Escolar daban un Servizo importantísimo nos nosos Concellos para desenrolar outro tipo de actividades.

Así é como pon en valor a Xunta do Señor Rueda o noso rural, dándolle un trato discriminatorio e restándolle oportunidades.





Concello de Guitiriz

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus asistentes acordou:

1. Instar á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade que modifique a xestión do transporte escolar para que os nosos nenos poidan dispoñer das paradas suficientes para que as súas familias poidan conciliar a vida familiar e laboral e os nosos nenos desenvolver dun xeito axeitado as súas competencias.
2. Obligar a todas as empresas adjudicatarias do mencionado transporte a ter un interlocutor cérico e conocido tanto para as familias, como para os centros escolares, para que as posibles incidencias poidan ser estudadas sobre o terreo, con celeridade favorecendo así a resolución rápida de todas as problemáticas.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que eles pensan que é un pouco esaxerado porque cando di que “así é como pon en valor a Xunta do Sr. Rueda o noso rural, dándolle un trato discriminatorio e restándolle oportunidades”, dubidamos moito que o Sr. Rueda estea dándolle un trato discriminatorio e restándolle oportunidades aos nenos/as de Guitiriz.

Por outra banda, no marco do traballo de mellora continua do transporte publico por estrada o Goberno Galego realiza un seguimento constante do funcionamento do servizo de autobús ea súa adecuación as necesidades da cidadanía e neste eido , dada a magnitude do transporte de escolares e a súa importancia social, a Xunta de Galicia mantén unha vixilancia estreita para dar resposta a calquera incidencia ou desaxuste que se poida producir poñendo en marcha solucións o antes posible.

Si esta problemática é certa hai que solucionala e xa tiña que terse solucionado falando vostede con membros da Xunta de Galicia.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade dedicou o vindeiro ano noventa millóns de euros ao mantemento do transporte público de Galicia.

Por outro lado todo alumno/a con transporte escolar gratuíto ten garantido o desprazamento ao centro educativo. As paradas de autobús escolar para os alumnos de primaria cambian porque tamén cambian as súas necesidades.

O que ten que facer o concello é estudar caso por caso para así ter un coñecemento exhaustivo do que acontece en cada momento, e logo dirixirse a Xunta de Galicia para tratar de solucionar a problemática.

Nós imos votar a favor e si necesitan a axuda do Partido Popular de Guitiriz estamos dispostos a axudar.

O voceiro do BNG di que o Goberno da Xunta fai dous anos cambiou radicalmente o transporte escolar, este transporte que antes facían moitas empresas pequenas entregáronlla a tres ou catro empresas grandes, que a súa vez estas subcontratan a outras e de aí vén o problema, o que levou a que non funcione ben.

Estase notando o empeoramento do transporte escolar ata o punto de que paradas de bus de toda a vida para nenos/as cambiaron, sobre todo no rural, dependendo si o neno/a vai a escola ou a secundaria.

Entendemos que o que expón na exposición de motivos na que se viron afectadas familias do noso concello, concretamente de Os Vilares, Negradas, Santa Mariña e Santa Cruz presentaron as súas alegacións e non foron atendidos pola Consellería





Concello de Guitiriz

polo que o concello vai facer esa petición dende aquí.

O de obrigar a todas as empresas adxudicatarias do transporte escolar a ter un interlocutor próximo, sería bo, pero non o vai haber, posto que a Consellería xa ten unha delegación en Lugo.

A Sra. Alcaldesa di que esta problemática vén derivada polo cambio que houbo na xestión do transporte escolar fai uns anos cando pasou a xestionalo outro Consellería que non ten nada que ver con educación e no seu momento no se viron as consecuencias porque coincidiu que o cambio produciuse no momento da pandemia e o curso académico non se desenvolveu con normalidade.

Antes dese cambio cando había algún problema os propios centros escolares podían falar directamente coas empresas de transportes e tratábase de resolver e a Consellería de Educación, que era quen o xestionaba o transporte, no poñía problemas o que pasa agora é que os autobuses non poden parar fora da parada establecida. Así por exemplo, familias que tendo un neno/a en primaria e outro en secundaria teñen que coller o autobús en distintas paradas, paradas que existiron toda a vida para o instituto desapareceron e puxéronse outras novas etc.

O voceiro do PP di que como están de acordo con todo o que din pensamos que hai que ir a Consellaría e explicarlles o que esta pasando e como dixer, nós estamos a súa disposición como representantes do Grupo Popular de Guitiriz

O voceiro do BNG di que non se pode permitir que isto acorra no noso concello ni en ningún concello do rural, isto nos pobos e nas cidades non sucede, vese claramente que non interesa o noso rural, de feito en concellos como este cada vez hai menos habitantes porque non hai servizos

Esto non o podemos consentir pero si o podemos mellorar doutra maneira, posiblemente moitas familias afectadas polo empeoramento do transporte escolar apostaron por quen nos esta gobernando, temos nas nosas mans mellorar a xestión do transporte ou deixalo seguir empeorando.

A Sra. Alcaldesa di que problema é que a xestión non responde aos intereses do transporte escolar sinon que responde a outro tipo de intereses por iso xorde este conflito.

A xestión do transporte escolar debería de volver a Consellaría de Educación de onde nunca debeu de saír.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos asistentes.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES





Concello de Guitiriz

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: HJNPNZGJTT6SENGAZRP4PAT2 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 25